



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española

Materia	Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua española			
Código	V01G180V01103			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Quilis Sanz, María José			
Profesorado	Quilis Sanz, María José			
Correo-e	mjquilis@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado e incide na aplicación práctica da lingua adaptada á construción de discursos orais e escritos en contextos comunicativos formais para conseguir mellorar a capacidade de comunicación oral e escrita en lingua española.			

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
C53	Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita na lingua española e galega.
C54	Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita.
C55	Desenvolver autonomía para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando adecuadamente os recursos da lingua española e galega.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición de coñecementos teóricos que fundamenten unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española.	A5	B1 B6 B9 B11	C53 C54 C55
Capacidade de analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita.	A1 A3	B4 B8 B10	C53 C54 C55
Autonomía para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua española.	A2 A4	B8 B10 B12	C53 C54 C55
Dominio avanzado e plenamente autónomo da produción expositiva e argumentativa de textos en lingua española a partir do uso de datos dentro de entornos profesionais.	A2 A3	B6 B8 B9	C53 C54 C55
Consolidación de aspectos teóricos e prácticos avanzados do español oral e escrito nos distintos niveis lingüísticos (léxico-semántico, morfosintáctico, fónico e ortográfico) e discursivos.	A1 A4	B1 B4 B12	C53 C54 C55

Contidos

Tema	
1. A produción do discurso oral.	1.1. Claridade de ideas. 1.2. Claridade na expresión
2. O español escrito.	2.1. Sintaxe do párrafo e do texto. 2.2. Unidades e niveis supraoracionais.
3. O español escrito: tipos de textos.	3.1. Texto xornalístico e publicitario. 3.2. Texto xurídico e administrativo. 3.3. O texto científico e técnico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	18	36	54
Resolución de problemas	20	40	60
Traballo tutelado	1	10	11
Presentación	5	10	15
Probas de resposta curta	1	3	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o alumnado ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. Téñase en conta que parte dos temas que figuran na sección de "Contidos" non se abordará nas clases teóricas, senón que se tratará íntegramente nas sesións prácticas (o tema 3, por exemplo).

Traballo tutelado	A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiará na preparación das presentacións ou exposicións orais.
Resolución de problemas	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiará na resolución das actividades e exercicios que se propoñan.
Traballo tutelado	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiará na preparación dos traballos tutelados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.	20	A1 A2 A3 A4	B1 B6 B11	C53 C54 C55
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto....	10	A1 A2 A4	B1 B6	C53 C54 C55
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre un tema do programa.	70	A2 A3		C53 C54 C55

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Todas as alumnas e alumnos serán avaliados co sistema deseñado para a avaliación continua, que require a presentación dun traballo escrito tutelado (20%), unha presentación oral (10%) e un exame (70%).

A entrega do traballo tutelado programárase para a primeira semana de outubro (do 2 ao 6). As presentacións terán lugar na última semana de setembro, aínda que esta data é orientativa e pode ser necesario modificala dependendo da marcha do curso. O exame terá lugar na data oficial prevista no calendario da Facultade.

Aínda que se recomenda a todo o alumnado que asista ás clases, **non se esixe asistencia para acollerse ao sistema de avaliación continua**. O alumnado que por razóns xustificadas non poida participar de forma regular nas sesións deberá comunicarllo á profesora nas primeiras semanas de curso e estar pendente da plataforma Fatic para informarse das novidades ou axustes que se poidan producir. Deberá tamén manterse en contacto coa docente e acordar con ela o calendario de entrega do traballo e da presentación, ademais de asistir ao exame da materia na data oficial prevista no calendario da Facultade.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

As alumnas e alumnos que non alcancen o aprobado na primeira oportunidade (xaneiro) poderán presentarse en xullo, na data oficial correspondente. A proba a través da que se cualificará nesta edición de actas é un exame que incluírá preguntas teóricas e prácticas. Non se gardan nin a presentación nin o traballo nesta segunda edición.

Tanto na primeira como na segunda edición de actas, non se poderá obter a cualificación de aprobado se non se alcanza un mínimo de 5 puntos (sobre 10). Tanto nos exames como no resto dos exercicios e probas propostos, penalizaranse os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inadecuado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta non se puntuará.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, 21, Anagrama, 2012

Fernández Romero, Jose Antonio, **Manual atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)**, 1, Universidade de Vigo, 2012

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, 3, Trea, 2014

Montolío, Estrella (coord), **Manual práctico de escritura académica**, 1, Ariel, 2000

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, **Diccionario panhispánico de dudas**, 1, Santillana, 2005

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, **Ortografía de la lengua española**, 1, Espasa, 2010

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA, **Nueva gramática de la lengua española**, 1, Espasa, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

A bibliografía complementaria e específica para cada tema comentarase na clase.

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC, onde a docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.
